BAROÑA

Comunidade titular: Parroquia de San Pedro de Baroña (Porto do Son)
Forma xurídica: MVMC
Superficie: 878 ha
N.º de comuneiras/os: 170 (67 mulleres, 103 homes)
N.º mulleres no órgano de goberno: 3 (de 9)

Bestas ceibas nas Chans de Raña

Voluntariado para a eliminación de eucalipto na Costa de Vilar

Años nas Chans de Raña

CONTEXTO

Situación

O monte de Baroña está situado na ladeira norte da Serra do Barbanza, e abrangue desde o Alto do Barazal, a 641 metros, ata o nivel do mar na ría de Muros e Noia. O monte Enxa e o Canle Branco separan a zona alta da serra das ladeiras e vales máis próximos ao litoral, dando pé ao río Maior. A parroquia conta con 13 entidades de poboación, estando o monte contiguo á cabeceira municipal de Porto do Son. Baroña está a 55 km de Santiago de Compostela e a 18 de Ribeira.

Síntese histórica

O rico legado arqueolóxico de Baroña dá conta da antigüidade do seu poboamento, pois inclúe máis de 80 petróglifos, unha necrópole megalítica e o castro de Baroña. A primeira referencia escrita á parroquia é de 1406 e un proceso xudicial do século XVIII evidencia a importancia do gando salvaxe nos montes veciñais.

Logo da usurpación dos terreos polo Patrimonio Forestal do Estado, período no que se construíu a Casa Forestal (devolta en 2005), a veciñanza recuperou a titularidade en 1979, aínda que o monte mantense conveniado coa Xunta ata 1998. A partir dese momento, a comunidade tomou un gran pulo converténdose en todo un referente de aproveitamento multifuncional. Na actualidade ten un cadro de personal de 10 personas dedicadas a tempo completo á resinaxe (é a maior produtora da Galiza), coidado do gando, traballos forestais, produción de mel e xestión dun couto micolóxico. En 2025 botou a andar o Centro de Transformación de Alimentos de Baroña para a transformación de carne e outros produtos do monte.

Vaca cachena nas Barreiriñas

Aproveitamento apícola comunitario

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Joám Evans Pim
Belén Albor Nimo
Ovidio Queiruga González
Bruno Ruival

Rabaño de cabras xunto con cabalos na Chan de Dordo

VALORES DE CONSERVACIÓN

A faixa litoral do monte forma parte do Complexo Húmido de Corrubedo (situado en Rede Natura 2000), en boa medida sobreposta coa Zona Arqueolóxica do Castro de Baroña, con numerosos xacementos catalogados. O territorio veciñal esténdese ata a liña de costa na praia da Area Longa, onde está ben conservado o hábitat de cantís mariños (1230) e aínda se constatou a presenza de fentos relictos como a cabriña (*Davallia canariensis*).

A parte alta, por volta da Fonte das Eguas, forma parte da Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) da Serra do Barbanza e inclúe zonas de turbeira (7130, 7140), se ben só constan no Inventario de Zonas Húmidas de Galiza algunhas situadas nos espazos de pastos comúns dos Chans do Barbanza. Abundan por volta das brañas e nacentes os hábitats de queirogais húmidos (4020*). Nesta zona é chave a presenza de garranos (*Equus ferus atlanticus*) para a conservación dos hábitats asociados a turbeiras e zonas húmidas. Esta zona fora proposta en 2008 para un novo LIC Serra do Barbanza (ES1110019) que non chegou a ser declarado oficialmente.

Se ben o estrato forestal da maior parte do monte está dominado por piñeiros, a comunidade vén traballando activamente para a conservación das masas de frondosas existentes e na eliminación de eucalipto e outras especies pirófitas nos cuarteis protectores e zonas próximas a núcleos de poboación. Tamén se teñen feito esforzos significativos para a restauración dos bosques aluviais (91E0*), afectados principalmente pola expansión da acacia negra (*Acacia melanoxylon*).

O monte é extraordinariamente rico en patrimonio arqueolóxico de distintos períodos históricos. Do neolítico, destaca a necrópole de Montemuíño (con 3 mámoas), así como as mámoas dos Chans de Raña, da Insua e do Monte Enxa. Tamén hai constancia de máis de 80 petróglifos na parroquia, a maioría no monte veciñal, destacando os da Gurita, con representacións de équidos e cérvidos, así como unha representación solar en altorelevo, datados na Idade do Bronce. A parroquia é notoria polo castro de Baroña, da Idade do Ferro. Tamén destacan os restos da capela de San Tomé, que foron obxecto dunha intervención por parte da comunidade.

Orballiñas (*Drosera intermedia*) nas Fontiñas

Plantación de frondosas en Fontancudín

Bestas no Curro da Enxa

BOAS PRÁCTICAS

Recuperación de patrimonio material e inmaterial

A comunidade fai unha aposta decidida pola recuperación do seu patrimonio cultural, tanto material como inmaterial. Como exemplos, destaca a restauración da capela de San Tomé, financiando tres campañas arqueolóxicas para a limpeza, excavación e consolidación das estruturas. Os restos da capela emerxeron en 2017, aínda que a súa existencia mantíñase na memoria oral. As primeiras referencias documentais son de 1603, aínda que algúns elementos apuntan a que se podería tratar dun lugar de culto precristián.

Outra actuación promovida pola comunidade foi a restauración dunha das mámoas da necrópole de Montemuíño, nos Chans do Cruceiro, destruída no ano 1984 ao abrir unha pista forestal. Nesta mesma zona, de enorme valor cultural para a comunidade, celébrase anualmente a romaxe da Virxe do Leite. Nas proximidades, sitúanse algúns dos máis de 80 petróglifos existentes na parroquia, que foron descritos nun libro publicado pola comunidade en 2019. De forma similar, en 2022 levouse a cabo unha restauración e limpeza dos petróglifos da Gurita.

Por outra parte, a comunidade procura conservar e garantir a transmisión interxeracional do patrimonio inmaterial relativo aos traballos agrícolas, mantendo o cultivo demostrativo de variedades locais e recreando mallas ou muiñadas. Tamén creou un roteiro para pór en valor un conxunto de muíños próximos á capela de San Tomé e organiza numerosas actividades divulgativas e lúdicas para dar a coñecer o patrimonio cultural e etnográfico.

Escavación arqueolóxica na antiga capela de San Tomé

Recuperación dos garranos e reintrodución de gandaría en extensivo

Se ben a presenza de garranos (*Equus ferus atlanticus*) é característica da Serra do Barbanza, o número de mandas e exemplares está en claro retroceso. A comunidade vén traballando desde o 2007 na súa recuperación, sendo a primeira do Barbanza en establecer mandas de titularidade comunitaria, despois da vaga de lumes que asolou a Galiza en 2006 e que, tan só no Concello de Porto do Son, arrasou con máis de 1000 ha.

Inicialmente, introducíronse 6 garranos: un macho e 5 femias. Con todo, en 2012, após a publicación do decreto da Xunta de Galicia que obrigaba á identificación destes animais por medio da implantación dun microchip, moitas comunidades e gandeiros da zona quixeron desfacerse das súas cabezas, e a Comunidade de Baroña asumiu parte dos animais. É así que, en 2024, a comunidade mantén 120 garranos, que ademais de xogar un papel fundamental no control de biomasa e na preservación dos hábitats asociados ás zonas húmidas, son importante elemento identitario.

Logo da experiencia inicial cos cabalos de monte, a comunidade introduciu cabras, ovellas e vacas de raza cachena e vianesa, procurando unha xestión integral da biomasa mediante peches móbiles que se rotan constantemente para manter cortalumes verdes e facilitar os restantes aproveitamentos. En 2024, a comunidade conta con 121 cabezas de gando ovino-caprino e 21 cabezas de gando vacún. Ademais, logo de varias experiencias previas, a comunidade apostou pola creación na antiga Casa Forestal dun Centro de Transformación de Alimentos, centrado no procesado de produtos cárnicos.

Multifuncionalidade

O monte achega recursos con valor económico directo, mais tamén bens e servizos imprescindíbeis e dificilmente cuantificábeis economicamente: protección do solo contra a erosión, mellora da calidade do aire e da auga, conservación da biodiversidade, etc. Na actualidade, os valores ambientais e recursos do monte están en perigo a causa da sobreexplotación, a contaminación e o cambio climático. É necesaria unha visión multifuncional para acadar unha mellor xestión que permita incrementar a sustentabilidade dos montes mediante a diversificación de producións e usos, máis alá da práctica de monocultivos forestais e consiguintes cortas a feito, que provocan un grande impacto a nivel paisaxístico, ecolóxico e social. Estas funcións pódense agrupar en tres grandes grupos –produtivas, ambientais e sociais– e correspóndense con aproveitamentos como o silvopastoralismo, a micoloxía, a apicultura, a resinaxe ou o turismo rural e natural.

Baroña conta cun serradoiro móbel para transformar a madeira do seu monte

Recuperación de queirogais e introdución de apiarios

A comunidade detectou que a cantidade de apicultures descendera nos últimos anos e decidiu fomentar a recuperación desta actividade por medio de cursos e actividades, ademais de poñer en marcha, en 2019, un apiario rotativo de 30 colmeas que é desprazado polas distintas áreas do monte para axudar na polinización.

En paralelo, a comunidade traballa para a recuperación de hábitats de queirogais secos (4030) mediante rotacións selectivas de gando. Isto permite crear áreas extensas de alimento de alta calidade para insectos polinizadores, tendo ademais un forte valor identitario, pois a veciñanza da parroquia de Baroña foi de sempre coñecida como "os carroucheiros", en referencia ás carrouchas, nome co que se coñecen localmente varias ericáceas.

Todo isto favorece a produción dun mel distintivo de carroucha que, en 2024, está camiño de comezar a comercializarse e acadar a certificación PEFC, que establece normas para a súa produción en zonas de xestión sostíbel. O mel está entre a selección de produtos do monte que a comunidade está sacando ao mercado.

Trobos comunitarios

FONTES E RECURSOS

- Fondo Documental do Monte Galego (1979). Carpeta ficha do monte veciñal en man común do Barbanza, Enxa, Xián, Dordo, Costa de Abaixo e O Sobrado. Dispoñíbel en: https://documentacionmontegalego.xunta.gal/es/documentos/carpeta-ficha-do-monte-vecinal-en-man-comun-barbanza-enxa-xian-dordo-costa-de-abaixo-e-o
- Laboratorio Ecosocial do Barbanza (2021). *Cando eramos sostibles. Aprendendo no Barbanza as claves do futuro*. Santiago de Compostela: Fundación Ría. Dispoñíbel en: https://barbanzaecosocial.org/gl/cando-eramos-sostibles/
- Mariño del Río, Manuel (2021). *A parroquia de San Pedro de Baroña. Notas da súa historia e estudo dos seus rexistros parroquiais*. Baroña: Comunidade de Montes de Baroña.
- Mariño del Río, Manuel (2018). *Petróglifos da parroquia de Baroña (Porto do Son)*. Baroña: Comunidade de Montes de Baroña.
- PEFC Galicia (2020). Percorrendo un monte PEFC. Dispoñíbel en: https://www.youtube.com/watch?v=J2cJFZUOtOY
- Televisión de Galicia (2020). *Cos pés na terra* [José Luís, Sofía e Ovidio]. Dispoñíbel en: https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/cos-p-s-na-terra-119-4501743

A COMUNIDADE NA REDE

https://www.inaturalist.org/projects/biodiversidade-de-barona comunida.barona

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.